VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17188
Data envío: 21/09/2017 15:28:46.917

Data 21/09/2017 15:28

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2624**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “as medidas previstas pola Xunta de Galicia en materia de sensibilización social sobre a liberdade de orientación sexual”, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 3 de outubro de 2016 publicábase no DOG o novo decreto que regula o funcionamento dos Centros de Información á Muller. Entre as funcións que poden desenvolver os CIMs de acordo con el, inclúense actividades de información e atención ao colectivo LGTBI. Esta atención prevíase xa na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, onde se establece que se apoiará un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais.

Por outra banda, o 6 de xullo de 2017 e, continuando coa colaboración iniciada en 2016, asináronse os convenios coas organizacións e entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de persoas gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais. Os convenios asinados contan cun orzamento para cada unha das asociacións de 3.000 €.

As asociacións poderán desenvolver estas actuacións:

Campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade.

Programas e medidas orientadas á normalización da sexualidade e a diversidade, favorecendo a inclusión social das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.

Actuacións que contribúan a remover os obstáculos que impiden ou dificultan que as persoas pertencentes ao colectivo LGTBI desenvolvan plenamente a súa personalidade e participen en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.

Actividades de investigación, estudos, conferencias, cursos, e demais actos de natureza análoga que fomenten o coñecemento da situación do colectivo LGTBI en todos os ámbitos.

Acompañamento, atención, información e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios, cultura, saúde integral, VIH-SIDA e outras ITS, cuestións xurídicas, psicolóxicas, e outros temas ás persoas LGTBI e as súas familias.

Actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación o de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil que puideran producirse por razón de orientación ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.

Actuacións que proporcionen información/formación específica ao persoal das distintas administracións que polo seu posto de traballo poida estar en contacto co colectivo LGTBI.

Elaboración de materiais didácticos nos que se contemple a realidade do colectivo LGTBI e das súas familias, o dereito á diferenza e a diversidade, a igualdade de oportunidades e contra a LGTBIfobia.

A Xunta de Galicia contribúe así a garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, ao tempo que fomenta a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade ás accións, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17188
Data envío: 21/09/2017 15:28:46.917

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:28:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17181
Data envío: 21/09/2017 15:24:59.228

Data 21/09/2017 15:24

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 3280**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as máis, sobre **“opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do actual cadro de persoal do centro de saúde do barrio Novo Mesoiro, da Coruña, para atender a veciñanza da súa área de influencia, as razóns existentes para non ampliar o servizo de pediatría do centro e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 54, do 27 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A carteira de servizos e de persoal do Centro de Saúde do Novo Mesoiro da Coruña é similar ao resto de Centros de Saúde e está a cubrir as necesidades sanitarias dos seus usuarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17181
Data envío: 21/09/2017 15:24:59.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:24:50



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17179
Data envío: 21/09/2017 15:24:35.696

Data 21/09/2017 15:24

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 3747**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a aplicación polo Sergas dos protocolos internacionais de actuación relativos á interrupción voluntaria do embarazo e á adopción das medidas necesarias que garanten una atención integral e de calidade na atención ás mulleres que precisen un aborto euxenésico”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde non recurriu a sentenza xudicial á que se refire a iniciativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17179
Data envío: 21/09/2017 15:24:35.696

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:24:31



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 3901**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns do Sergas para non ter xeneralizado a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os doentes que non teñan contraindicación”**, (publicada no BOPG número 59, do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A financiación dos medicamentos é unha competencia exclusiva do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

Os anticoagulantes de acción directa, os novos anticoagulantes, son un tipo de medicamentos para os que o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad estableceu o seu financiamento no ámbito do Sistema Nacional de Salud cun requisito adicional que se denomina ‘establecemento de reservas singulares mediante visado’.

O Real Decreto 618/2007, do 11 de maio, regula o procedemento para o establecemento, mediante visado, de reservas singulares ás condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos. Dito Real Decreto establece que as administracións sanitarias, de acordo co procedemento que determinen no exercicio das súas competencias, verificarán a conformidade co tratamento prescrito no Sistema Nacional de Salud coas condicións de utilización autorizadas en ficha técnica e as indicacións terapéuticas financiadas dos medicamentos sometidos a reservas singulares.

O procedemento para a verificación do cumprimento das condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos sometidos a reservas singulares mediante visado establecido polo Sistema Nacional de Salud, denomínase tecnicamente homologación sanitaria, e está regulado polo Decreto 189/2011, do 22 de setembro, de homologación sanitaria dos tratamentos prescritos.

É importante indicar que todas as indicacións autorizadas para un medicamento non sempre están financiadas polo Sistema Nacional de Salud.

As indicacións de tratamento da trombose venosa profunda (TVP) e da embolia pulmonar (EP) e prevención das recurrencias da TVP e da EP en pacientes adultos polo momento non se atopan financiadas.

Así mesmo, para que un anticoagulante oral de acción directa poida ser financiado, ademáis de reunir os requisitos esixidos pola ficha técnica do medicamento, xa obrigatorios en calquera medicamento, a situación do paciente debe cumprirse unha serie de condicións, decritas no 'Informe de posicionamento terapéutico ((IPT) UT/V4/23122013. Criterios y recomendaciones generales para el uso de nuevos anticoagulantes orales (NACO) en la prevención del Ictus y la embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular no valvular', de data de actualización 23 de decembro de 2013. Dito informe de posicionamento terapéutico recolle as casuísticas para as que se establecen as reservas singulares destes medicamentos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17177
Data envío: 21/09/2017 15:23:05.664

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:23:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17170
Data envío: 21/09/2017 15:21:37.461

Data 21/09/2017 15:21

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 4335**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da intervención sociosanitaria recibida polo presunto homicida da muller falecida de xeito violento no Carballiño o 29 de xaneiro de 2017 e os mecanismos sanitarios que ten en marcha para atender as familias de persoas afectadas por enfermidades mentais”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As altas e baixas hospitalarias fanse atendendo aos criterios clínicos realizados polos facultativos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17170
Data envío: 21/09/2017 15:21:37.461

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:21:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17161
Data envío: 21/09/2017 15:17:38.975

Data 21/09/2017 15:17

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 5987**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións da Asociación Galega de Vítimas do Amianto referidas á atención sanitaria aos traballadores expostos ao amianto na súa vida laboral, á unificación dos criterios aplicados nas resolucións dos equipos de valoración de incapacidade e ao recoñecemento da enfermidade profesional do mesotelioma como invalidante”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os datos que obran en poder da Consellería de Sanidade dentro do Programa Integral de Vixilancia dos Expostos ao Amianto (PIVISTEA), implantado na nosa Comunidade Autónoma desde o ano 2001, a día de hoxe existen un total de 6.524 traballadores post-expostos ao amianto na área de Ferrol que están sendo atendidos no Servizo Galego de Saúde para levar a cabo a vixilancia sanitaria específica en base ao establecido na lexislación vixente. No último informe remitido ao Ministerio de Sanidade no marco da avaliación de dito Plan, os resultados de dita vixilancia son de 28 mesoteliomas pleurais e 1 peritoneal acumulados desde o ano 2001 ao 2014, todos eles en traballadores postexpostos ao amianto, para un total de 6.524 traballadores postexpostos.

Moitos dos afectados pola exposición ao amianto, debido á industria existente nesa comarca, pertencen á área sanitaria de Ferrol, polo que a unidade de pneumoloxía do CHUF é a que mais volume de afectados trata, dentro do programa específico de vixilancia dos expostos ao amianto que leva a cabo o Servizo Galego de Saúde.

Sí se tiveron contactos e xuntanzas con esta asociación, que reivindica entre outras; un fondo de compensación para os afectados, un criterio de incapacidade baseado na enfermidade non na

causa/efecto, un criterio unificado dos Evis. Todas estas reivindicacións exceden as competencias da Consellería, sendo na meirande parte competencia da Administración Xeral do Estado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17161
Data envío: 21/09/2017 15:17:38.975

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:17:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17155
Data envío: 21/09/2017 15:15:07.739

Data 21/09/2017 15:14

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 6750**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“o modelo que defende o Goberno galego para o transporte sanitario terrestre, a garantía na actualidade da calidade do servizo, así como os dereitos laborais dos traballadores, o coñecemento das súas demandas, o tipo de control que realiza sobre a súa prestación e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 88, do 23 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de contratación realizouse de conformidade á Lei de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da legalidade vixente.

Ata este momento, as resolucións de once recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC) de Madrid foron favorables á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17155
Data envío: 21/09/2017 15:15:07.739

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:14:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17195
Data envío: 21/09/2017 15:31:43.183

Data 21/09/2017 15:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 9240**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da demora e as datas previstas polo Goberno galego para o remate das obras e a entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a substitución do actual modelo tradicional por un modelo privatizado de liña fría no servizo de cociña do centro, así como a titularidade e xestión pública da nova área do aparcadoiro e a súa gratuidade”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A apertura do novo edificio de hospitalización, en setembro, permitirá reordenar a distribución espacial dos distintos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, agrupando e centralizando as áreas de hospitalización nun único núcleo, formado pola ampliación e os edificios Cristal, Cirúrxico e Materno Infantil e adicando o edificio Santa María Nai en exclusiva a atención ambulatoria sen ingreso.

A ampliación do CHUO supuxo un investimento de máis de 41 millóns de euros, que permitiron xerar unha nova superficie de 52.000 metros cadrados, dos que máis de 24.000 corresponden á área de hospitalización, con 7 plantas e 15 unidades, ben comunicadas co resto das áreas de ingreso, quirófanos, probas diagnósticas, urxencias e críticos, distribuídas entre Medicina Interna, Oncoloxía, Hematoloxía, Neumoloxía, Endocrinoloxía, Reumatoloxía, Psiquiatría, Coidados Paliativos, Traumatoloxía, Cirurxía Xeral, Neuroloxía e Neurocirurxía.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17195
Data envío: 21/09/2017 15:31:43.183

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:31:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17144
Data envío: 21/09/2017 15:10:14.988

Data 21/09/2017 15:09

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 9512**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as circunstancias da doazón por unha empresa provedora habitual do Sergas de equipamento de TC e RM para a área cardiovascular do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, os datos referidos á lista de espera existentes nos servizos de radiodiagnóstico do centro, así como á derivación de doentes a centros privados, e as actuacións previstas para diminuír esas listas”**, (publicada no BOPG número 120, do 31 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Existe un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Medtronic, S.A. para o fomento da calidade asistencial nos complexos hospitalarios do Sergas.

Segundo os rexistros do 25 de xuño hai 12.463 pacientes en espera por proba diagnóstica, e o tempo medio de espera é de 64,7 días.

Ata o 30 de maio de 2017 remitíronse ao centro concertado o 2,5 % do total de probas programadas.

O servizo de Radiodiagnóstico do CHUS dispón dos medios humanos e materiais necesarios para dar unha axeitada resposta asistencial. Os tempos de resposta na realización de probas melloran nun 6,4% con respecto aos acadados no 2016. A Xerencia segue a xestionar os recursos para a mellora nos tempos de resposta incorporando os medios humanos e materiais necesarios. Concretamente no servizo de radiodiagnóstico incorporáronse dous efectivos a maiores, e as máquinas de TAC e RNM funcionan en horario de luns a sábado en xornada de mañán e de tarde, e os domingos en xornada de mañán.

Os novos equipos permiten aumentar a actividade programada, e contribúen a mellorar os tempos de resposta na realización das probas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17144
Data envío: 21/09/2017 15:10:14.988

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:10:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17194
Data envío: 21/09/2017 15:31:33.902

Data 21/09/2017 15:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 10512**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación do servizo de pediatría na comarca do Barbanza”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade planifica os permisos regulamentarios e situacións de incapacidade temporal dos profesionais dos centros asistenciais do seu ámbito, de tal xeito que non supoñan unha merma da calidade asistencial. Por mor da falta de dispoñibilidade de pediatras estamos a xestionar os recursos dispoñibles para manter de xeito continuado a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria. As ausencias dos profesionais e as súas substitucións estanse a valorar no conxunto da Área, utilizando os recursos dos que dispoñemos naqueles servizos onde son máis necesarios.

Non obstante é preciso recordar que, a atención á demanda espontánea ou de urxencia que a diario realizan os pediatras, de non estar estes no Centro de Saúde, é prestada polo médico de familia, e se este o ve necesario poderá enviar ao hospital referente do ámbito desta Xerencia de Xestión Integrada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17194
Data envío: 21/09/2017 15:31:33.902

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:31:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:43
Nº Rexistro: 16958
Data envío: 19/09/2017 16:43:36.766

Data 19/09/2017 16:43

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3239**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións concretas e o seu prazo previstas polo Goberno galego para evitar a situación de inseguridade existente para os mariñeiros e embarcacións no porto de Corcubión”**, (publicada no BOPG número 54 do 27 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia ten investido en estudos e execución de infraestruturas portuarias en Corcubión dende o ano 2009, preto de 90.000 euros, que se suman ao gasto en mantemento e conservación dos peiraos que o ente público leva a cabo de xeito permanente nas instalacións da súa titularidade.

Dentro do investimento realizado para o estudo de novas infraestruturas tense dado prioridade á demanda de abrigo trasladada polo sector ao ente público. Para intentar dar resposta a esta solicitude tense elaborado un estudo de axitación interior no porto, unha instrumentación para medidas de ondaxes e a análise dos datos de dita instrumentación, cun investimento total de 52.000 euros.

Estes estudos non teñen dado polo momento resultados concluíntes polo que Portos de Galicia segue a traballar na procura dunha solución técnica que permita mellorar o abrigo no porto de Corcubión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:43
Nº Rexistro: 16958
Data envío: 19/09/2017 16:43:36.766

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:43:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:43
Nº Rexistro: 16957
Data envío: 19/09/2017 16:43:05.781

Data 19/09/2017 16:42

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as razóns do Goberno galego para non consignar, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, a totalidade dos recursos necesarios para a execución das actuacións precisas na zona portuaria de Foz, así como os datos referidos á realización dalgunha modificación orzamentaria para ese fin”**, (publicada no BOPG número 54 do 27 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, ten en licitación a dragaxe do porto de Foz por máis de 600.000 euros. O día 10 do mes de agosto quedou rematado o prazo de presentación de solicitudes, cun total de 3 presentadas. A mesa de contratación de Portos terá que valoralas agora e realizar unha proposta de adxudicación, polo que os traballos poderían quedar contratados antes de final deste ano 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:43
Nº Rexistro: 16957
Data envío: 19/09/2017 16:43:05.781

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:43:01



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3653**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“os criterios seguidos para a diferenciación das zonas de marisqueo B e D na ría de Ferrol, a súa incidencia no labor das persoas mariscadoras e na calidade do produto, así como as previsións da Consellería do Mar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 55 do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Na normativa comunitaria vixente, Regulamento (CE) Nº 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, no Anexo II, establécense en tres categorías os criterios de clasificación das zonas de produción de moluscos bivalvos vivos, para que a autoridade competente autorice a recollida destes, segundo os niveis de contaminación fecal (*Escherichia coli*). Deste xeito, a autoridade competente poderá clasificar como zonas de clase A aquelas nas que se poden recoller moluscos bivalvos vivos para o consumo humano directo e nas que os moluscos cumpren os requisitos microbiolóxicos establecidos no Regulamento 2285/2015 da Comisión de 8 de decembro de 2015 que modifica o Anexo II arriba mencionado e o Anexo I do Regulamento (CE) nº 2073/2005, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios.

A autoridade competente poderá clasificar como zonas de clase B aquelas nas que se poden recoller moluscos bivalvos vivos que poden comercializarse para o consumo humano unicamente tralo seu tratamento nun centro de depuración ou reinstalación e nas que os niveis de *E.coli* dos moluscos procedentes destas zonas non deben superar os 4600 *E. coli* por 100 g de carne e líquido intravalvar, no 90% dos casos (Reg. 1021/2008 da Comisión de 17 de outubro de 2008).

Finalmente, a autoridade competente poderá clasificar como zonas de clase C, aquelas nas que se poden recoller moluscos bivalvos vivos que poden comercializarse unicamente trala súa reinstalación durante un período prolongado ou tratamento térmico adecuado (Reg. 853/2004 da Comisión de 29 de abril de 2004); os moluscos bivalvos vivos procedentes destas zonas non deben sobrepasar os 46000 *E. coli* por 100 g de carne e líquido intravalvar. As zonas que sobrepasan estes niveis non son aptas para a produción e a extracción está prohibida.

O Anexo II xa mencionado, no punto 1. do apartado A, indica que “a autoridade competente debe determinar a ubicación e os límites das zonas de produción e de reinstalación que clasifique” e no punto 6. deste mesmo apartado, establece os requisitos necesarios para clasificar unha zona de produción, entre estes

están o coñecemento das fontes de contaminación que poden afectar á zona, as variacións estacionais desta contaminación segundo a pluviometría, o tratamento de agas residuais, etc. Tamén as pautas de circulación destes contaminantes, en función de correntes, batimetría e mareas. Todo isto resúmese nun estudo sanitario que INTECMAR coa colaboración doutras administracións públicas (Augas de Galicia principalmente) ten elaborado para todas as zonas de produción de Galicia.

Baseándose nos coñecementos anteriores se establecen as divisións entre as zonas de produción e os puntos de control correspondentes.

A actual división de zonas da ría de Ferrol realizouse no ano 2006, mediante a Orde do 8 de setembro de 2006 coincidindo coa entrada en vigor do Regulamento (CE) Nº 854/2004. Nesta Orde a ría pasa de tres a oito zonas de produción.

Os límites entre zonas de produción establécense mediante liñas imaxinarias (non sería posible doutro xeito) que teñen referencias xeográficas claras e que permiten a súa localización, tanto desde o mar como desde terra, como son cabos, peiraos, puntas, escolleiras, etc.

En canto aos criterios empregados para diferenciar as zonas son os que se mencionan arriba, non existindo ningún impedimento legal para que unha zona que ten prohibida a extracción (GAL-03/06) estea colindante cunha zona de produción que, neste caso e na actualidade, é de clase B (GAL-03/07).

Por outra banda, sinalar tamén que a clasificación das zonas de produción están en constante revisión, realizándose os cambios pertinentes en función dos resultados obtidos semanalmente nos puntos de control. Os cambios de límites entre as zonas de produción realízanse en función dos resultados mencionados, cando se detectan cambios na contaminación microbiolóxica da zona.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:42
Nº Rexistro: 16956
Data envío: 19/09/2017 16:42:46.297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:42:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:42
Nº Rexistro: 16955
Data envío: 19/09/2017 16:42:08.453

Data 19/09/2017 16:42

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3730**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as máis, sobre **“os criterios que segue a Consellaría do Mar para conceder axudas para novos acuicultores e para a paralización definitiva en augas interiores”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que cando se fala de axudas en acuicultura nos últimos anos hai que sinalar que na súa meirande parte foron axudas destinadas ao sector bateeiro. E por outra banda, as axudas á paralización definitiva responden precisamente a unha petición do sector. Se ben, tal e como expuso a propia Conselleira do Mar na presentación dos orzamentos deste ano, o que queremos é substituír despezamentos por incorporacións ao mar. Pero para iso foi preciso primeiro adecuar a flota, aumentar as cotas e reforzar a rendibilidade para facer atractivos os oficios do mar. Por iso, para este 2017 se rebaixa nun 64% os fondos destinados a paralización definitiva e se aumentan os de formación a bordo. E ademáis, por este mesmo motivo, se manteñen os fondos de axudas para compra de barcos por parte de mozos e se incrementa o montante das ensinanzas pesqueiras en case o 5%.

En todo caso, sobre despezamentos e baixas da frota debemos lembrar que a época na que máis buques se retiraron da actividade pesqueira en Galicia foi entre os anos 2005 e 2008, cun 60% máis de buques por ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:42
Nº Rexistro: 16955
Data envío: 19/09/2017 16:42:08.453

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:42:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:41
Nº Rexistro: 16954
Data envío: 19/09/2017 16:41:58.984

Data 19/09/2017 16:41

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3731**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español un marco de excepcionalidade da frota de arrastre de gran altura, ao igual que a do cerco conxelador co fin de facilitar a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar sempre defendeu á flota galega no seu conxunto, tanto á de baixura e artesanal, como á comunitaria e ás grandes flotas internacionais porque todas xeran riqueza e emprego en Galicia e forman parte dese ámbito prioritario de atención do Goberno como é a pesca.

A Consellería do Mar reclama un recoñecemento da singularidade da flota de gran altura, para que todas poidan acceder ao Rexistro Especial de Empresas de Buques de Pesca Español para que se promova, por exemplo, a modificación da normativa comunitaria en relación co cercenamento de aletas de tiburón, ou para correxir a situación das tarifas arancelarias aos continxentes de toros de pescada, ou tamén para promover a solicitude de simplificación para certificar os fretes desde terceiros países. Son todas elas medidas nas que teñen traballado no senso de fortalecer a competitividade da flota de gran altura.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:41
Nº Rexistro: 16954
Data envío: 19/09/2017 16:41:58.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:41:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:41
Nº Rexistro: 16953
Data envío: 19/09/2017 16:41:48.218

Data 19/09/2017 16:41

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3734**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas adoptadas para fomentar o berberecho de Noia”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 4.07.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 9523 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:41
Nº Rexistro: 16953
Data envío: 19/09/2017 16:41:48.218

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:41:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:40
Nº Rexistro: 16950
Data envío: 19/09/2017 16:40:41.499

Data 19/09/2017 16:40

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 4288**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para axilizar a plena vixencia das axudas derivadas da inscrición no Rexistro especial de empresas de busques de pesca españois que pescan exclusivamente en augas extracomunitarias”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende hai máis de tres anos o Goberno central creou o segundo rexistro para a flota pesqueira. Denominado Rexistro Especial de Empresas de Buques de Pesca Españoles, abriuse a embarcacións que operan en augas extracomunitarias e que capturan exclusivamente túnidos, afectando polo tanto basicamente a atuneiros e palangreiros de superficie.

O obxectivo deste rexistro é o de posibilitar a competitividade das Empresas Navieiras españolas a través dunha serie de medidas homologables ás existentes en Rexistros similares de países membros da Unión Europea. É dicir, a apertura dese listado busca outorgar ventaxas fiscais á flota e desalentar así o abandeiramento de barcos de capital español en outros países.

Para tal fin, e continuando co desenvolvemento deste rexistro, o Ministerio de Fomento procedeu a crear unha mesa de traballo na que participan as CC.AA., representantes da flota de altura, asociación do sector pesqueiro e representantes políticos, para analizar a aplicación das directrices comunitarias de axudas estatais ao sector da pesca e acuicultura.

A postura da Xunta de Galicia é a de ser favorable ao feito de poder acceder a eses beneficios fiscais e sociais xa que axudaría á flota a ser máis competitiva, cumprindo os estándares esixidos na UE, fronte á de outros países que exercen unha competencia desleal por ter custos de explotación moi inferiores debido ao incumprimento de estándares básicos de seguridade laboral, dereitos sociais e control.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:40
Nº Rexistro: 16950
Data envío: 19/09/2017 16:40:41.499

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:40:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:01
Nº Rexistro: 17068
Data envío: 20/09/2017 17:01:46.932

Data 20/09/2017 17:01

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 4517**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas concretas levadas a cabo para mellorar a seguridade marítima co fin de reducir o número de sinistros que se veñen producindo nas costas galegas, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da taxa de sinistralidade que rexistran”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cando se fala de que o propio Parlamento aprobou no 2016 unha resolución na que se instaba a posta en marcha dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, deberíase mencionar tamén que xa existe unha orde de axudas de melloras a bordo. De feito, a de este ano publicouse o 1 de marzo de 2017 e contempla axudas a propietarios de buques que executen actuacións que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques e aqueles relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático, entre outros aspectos subvencionables. Ademais, este tipo de axudas se veñen publicando con carácter anual ao longo dos últimos anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:01
Nº Rexistro: 17068
Data envío: 20/09/2017 17:01:46.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 17:01:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:00
Nº Rexistro: 17065
Data envío: 20/09/2017 17:00:35.853

Data 20/09/2017 17:00

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 4699**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as máis, sobre **“os efectos do temporal rexistrado en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017 na vida diaria da cidadanía residente nos núcleos costeiros e na actividade económica das empresas e de autónomos, nomeadamente do sector pesqueiro e da hostalaría e a consideración pola Xunta de Galicia da apertura dalgunha liña de axudas para paliaos, así como de actuacións excepcionais para reparar as infraestruturas afectadas nas zonas costeiras”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que efectivamente foi plenamente consciente dende o primeiro momento dos efectos que tiveron todos os temporais do pasado inverno. Inmediatamente despois de darse esta situación, Portos de Galicia procedeu a realizar un balance e estimou en arredor de 1,4 millóns de euros os danos producidos nos peiraos de titularidade autonómica. Os principais puntos afectados corresponderon aos portos de Corme e A Guarda, nos cales se investiron 365.000 euros e 835.000 euros respectivamente. O obxectivo dende o primeiro momento foi o de ter reparado o conxunto dos danos o antes posible polo que as obras de reparación tramitáronse por vía de emerxencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 17:00
Nº Rexistro: 17065
Data envío: 20/09/2017 17:00:35.853

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 17:00:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 16946
Data envío: 19/09/2017 16:37:45.342

Data 19/09/2017 16:37

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 5306**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego para defender os intereses de Galicia diante do Brexit, a súa posible incidencia na frota galega con dereitos de pesca directos, na abandeirada e na de grande altura, así como no sector da conserva, o balance comercial dos sectores pesqueiro e acuícola de Galicia respecto do Reino Unido e a participación do Goberno galego na negociación”**, (publicada no BOPG número 76, do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na comparecencia a petición propia da conselleira titular do departamento, no pleno ordinario do 9 de maio de 2017 (iniciativa 8427).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 16946
Data envío: 19/09/2017 16:37:45.342

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:37:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:59
Nº Rexistro: 17061
Data envío: 20/09/2017 16:59:07.009

Data 20/09/2017 16:59

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 5952**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para prever as verteduras de hidrocarburos que se veñen producindo na ría de Corcubión e as súas intencións respecto do establecemento dalgún tipo de compensación económica para os mariscadores afectados”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 2.02.2017- pola directora do Intecmar ao darlle resposta á pregunta 2665 sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:59
Nº Rexistro: 17061
Data envío: 20/09/2017 16:59:07.009

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:59:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:58
Nº Rexistro: 17060
Data envío: 20/09/2017 16:58:24.243

Data 20/09/2017 16:58

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 6004**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dalgún tipo de compensación para os mariñeiros que teñen que desprazarse a outros portos cando hai aviso de temporal como consecuencia da ausencia dun porto seguro na vila de Laxe, a situación na que se atopa a dragaxe comprometida e a data prevista para o inicio das obras”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a tramitar a obra de dragaxe do porto de Laxe. Trátase dunha demanda histórica do sector na zona para dar resposta ás necesidades de abrigo da flota do municipio, unha necesidade da que Portos de Galicia é plenamente consciente e coa que estamos comprometidos en busca dunha solución.

Esta actuación conta cun orzamento estimado de arredor de 3,5 millóns de euros e hai que sinalar que se ten creado unha mesa técnica para realizar un seguimento pormenorizado deste proxecto.

Esta mesa técnica está composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais e a confraría de Pescadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:58
Nº Rexistro: 17060
Data envío: 20/09/2017 16:58:24.243

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:58:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:58
Nº Rexistro: 17059
Data envío: 20/09/2017 16:58:15.008

Data 20/09/2017 16:58

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 6407**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da demora e a data prevista pola Consellería do Mar para a realización da reunión solicitada polos patróns maiores das confrarías da ría de Arousa, así como a situación en que se atopan as cuestións demandadas por ese colectivo en relación co marisqueo”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende outubro de 2014 e ata a actualidade, a Conselleira do Mar tense reunido un total de 32 veces con representantes das confrarías da Ría de Arousa en distintas xuntanzas, visitas a confrarías ou reunións no despacho.

Deste total de encontros, hai que sinalar que tres reunións tiveron lugar con todos os patróns e patroas da ría, outras catro delas foron conxuntas con varios patróns e patroas, e por último, houbo outras 25 xuntanzas cos patróns ou patroas maiores de forma individualizada.

En canto ás xuntanzas coa directora xeral, desde outubro de 2014, data á que se fai referencia na formulación da pregunta, a titular deste departamento mantivo ata nove xuntanzas específicas sobre libre marisqueo e participou en máis de 50 xuntanzas individuais cos patróns ou patroas maiores concernidas.

A este respecto, a seguinte solicitude conxunta de xuntanza foi tramitada para a celebración da reunión pertinente o 17 de setembro de 2015. Nese tempo transcorrido entre solicitude e reunión mantívose tamén unha xuntanza explicativa das labores propostas para o seu desenvolvemento nas zonas de libre marisqueo.

A esta cita conxunta confirmaron a súa presenza 13 patróns ou patroas maiores, namentres que un deles delegou a súa asistencia nun representante do sector do marisqueo.

Neste momento está pendente de atender unha solicitude de xuntanza efectuada en abril de 2017, que será atendida no momento no que esta Consellería dispoña dos últimos datos procedentes das análises e mostraxes dos bancos de libre marisqueo da Ría de Arousa.

Por tanto, o diálogo deste Goberno cos pósitos é constante e fluído non só en Arousa, senón tamén en toda Galicia, como non podería ser doutro xeito.

En relación á rexeneración do banco de libre marisqueo dos Lombos do Ulla, a Consellería do Mar informa que se traballará na zona cando as confrarías queiran e sempre que se fagan actuacións útiles, proveitosas e que estean aconselladas e ratificadas tecnicamente.

Este departamento sempre prestou especial atención aos Lombos do Ulla e trasladou ao sector a posibilidade de realizar un plan específico nas zonas de libre marisqueo de Arousa, tal e como se fixo noutras rías como a de Muros e Noia, Ferrol, Pontevedra, Vigo ou na banda sur da de Arousa.

Poderíanse acoller a este formato de xeito que lles permita xestionar a explotación das mesmas sen ter que someterse as condicións xerais que se establecen para as zonas de libre marisqueo non sometidas a plan nas Ordes anuais polas que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira.

A xestión mediante plan de explotación permitiría que as actuacións de mellora e rexeneración nestes bancos puideran ser deseñadas e propostas polas propias entidades e acollerse a axudas como as ofertadas a través da Orde do 31 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2017 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitadas como expediente anticipado de gasto.

Dito todo isto, hai indicios suficientes para ser optimistas, xa que as mostraxes deste banco levadas a cabo neste 2017 permiten apreciar que, pese a a experimentarse este inverno un novo episodio da marteliose, e a diferenza de anos anteriores -nos que desapareceu toda a poboación- neste momento nos Lombos do Ulla permanecen densidades apreciables de adultos de berberecho que pode contribuír de xeito importante a aumentar o recrutamento e a recuperación da poboación no banco.

En todo caso, cómpre poñer en valor os datos de descargas nos Lombos do Ulla con respecto á campaña anterior. Na última campaña multiplicáronse os desembarques por 10, xa que se pasou dos 15.000 kg en 2015 aos case 150.000 kg de 2016. Este feito supuxo que na última campaña medrasen as vendas nun 282%. No caso do berberecho, pasouse de cero quilos en 2015 a 108.000 kg na campaña de 2016.

Se analizamos toda a ría de Arousa, na última campaña medraron os desembarques nun 85%, pasando de 281 Tn a 520 Tn en 2016, o que supuxo un aumento das vendas dun 65%. No caso do berberecho, pasouse de 1.000 quilos descargados en 2015 aos 111.000 kg en 2016, o que supón o 21% das descargas.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:58
Nº Rexistro: 17059
Data envío: 20/09/2017 16:58:15.008

Por último, salientar que a Consellería do Mar está a desenvolver iniciativas para a rexeneración de zonas de marisqueo, xa que a recuperación e mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para esta lexislatura.

Cabe lembrar que entre 2010 e 2015 recuperáronse preto de 8 millóns de metros cadrados de superficie e investíronse preto de 5 millóns de euros en 170 proxectos executados polas confrarías e entidades asociativas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:58
Nº Rexistro: 17059
Data envío: 20/09/2017 16:58:15.008

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:58:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:57
Nº Rexistro: 17058
Data envío: 20/09/2017 16:57:31.961

Data 20/09/2017 16:57

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 6877**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa cantidade de cota asignada para o ano 2017 á flota galega do bocarte na zona Ixa, á vista datos que reflicten o seu esgotamento xa a mediados do mes de marzo, así como as xestións que vai levar a cabo para garantir unha maior representación desa flota nesa zona”**, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os criterios que serviron para asignar á flota de cerco que traballa no Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste o 1,14% da cota do bocarte da zona IX (ANE/09) son os mesmos que permitiron que a Flota do Caladoiro Cantábrico Noroeste teña o 95,40% da cota de xurelo da IX (JAX/09), na que á flota galega do cerco lle corresponde o 98% do asignado ao cerco. Trátase dos datos de capturas obtidos nunha longa media de anos.

Certo é que o bocarte é unha especie que ten unha presenza explosiva e non continua nas nosas augas, o que fixo que as capturas desta especie no Oeste de Galicia fosen escasas, incluso anecdóticas no período de 9 anos tomado en consideración.

Porén, nos últimos anos asistimos a unha presenza importante e estacional de bocarte nas nosas costas o que fixo que as cantidades pescadas pola Flota de Cerco Galega acadasen axiña as asignadas para o ano.

Agora ben, dende a Consellería do Mar da Xunta de Galicia trabállase arreo para obter mellores posibilidades de pesca para a nosa flota e, proba delo, é o feito de que nestes anos a flota galega de cerco capturou bocarte do stock da zona IX moi por riba das cantidades que inicialmente tiña asignadas, precisamente polo traballo feito para conseguir máis cota.

Neste senso, esta situación de aumento de cotas é resultado da mantenza da solicitude da Xunta de Galicia ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para que se respecte o compromiso firme acadado no momento do reparto.

Este establecía que se dotaría ao sector galego cunha cota para pescar esta especie en caso de aparecer na zona IXa (de Fisterra cara ao sur). De non darse a necesidade de asignación e uso desta cantidade, efectuaríase a súa reasignación conforme ás necesidades da frota española de cerco que opera en augas desta zona.

Esta demanda conta, ademais, co respaldo da Comisión do Cerco do Consello Galego de Pesca.

Polo tanto está claro que dende o Goberno galego trabállase de forma continua e constante para mellorar a situación das cotas asignadas á súa flota, conseguindo, como antes se sinalou, avances importantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:57
Nº Rexistro: 17058
Data envío: 20/09/2017 16:57:31.961

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:57:27



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 16945
Data envío: 19/09/2017 16:37:22.560

Data 19/09/2017 16:37

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 7040**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas pola Consellería do Mar en relación co incumprimento dos requisitos exixidos nas bases da convocatoria por unha participante admitida no proceso selectivo de persoal desenvolvido polo Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur, correspondente ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020”**, (publicada no BOPG número 97, do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A contratación do persoal dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro realízana os propios grupos. Unha vez que estes presentan o gasto deste proceso, a Consellería do Mar revisa o procedemento.

No caso do GALP Golfo Ártabro Sur, de detectar algunha irregularidade no proceso de revisión, a Consellería tomaría as medidas correspondentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 16945
Data envío: 19/09/2017 16:37:22.560

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:37:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:57
Nº Rexistro: 17057
Data envío: 20/09/2017 16:57:22.196

Data 20/09/2017 16:57

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 7571**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as xestións do Goberno galego co Goberno do Estado para negociar na Unión Europea que a notificación previa no diario da pesca se leve a cabo tras atracar o buque”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Debemos ter en conta que esta obriga vén disposta polo Regulamento 1224/2009 que este executivo se atopou xa en vigor cando chegou ás tarefas de goberno. Agora ben, dentro do Consello Galego de Pesca, e concretamente, dentro do grupo de traballo sobre a reforma do regulamento de control, fálase precisamente deste aspecto e a tal fin lle trasladamos á Comisión Europea as nosas consideracións. En todo caso, éste é un tema no que se viña traballando desde a chegada do actual goberno á Consellería do Mar e sobre o cal lle demos traslado tanto á Comisión Europea como ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Medio Ambiente e Alimentación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:57
Nº Rexistro: 17057
Data envío: 20/09/2017 16:57:22.196

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:57:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17149
Data envío: 21/09/2017 15:12:07.848

Data 21/09/2017 15:11

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 7623**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a posición do Goberno galego en relación coa realización do acceso sur do concello da Guarda, a súa opinión referida á existencia dun viario axeitado de acceso ao porto, e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 101, do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia non ten competencias na proposta de construción do acceso sur ao porto da Guarda, dado que se trata dunha obra de carácter viario e que non responde a unha demanda ou necesidade que puidese derivarse da actividade portuaria.

Non en van, a día de rexistro desta iniciativa, non se ten constancia de ningunha solicitude en Portos de Galicia para dita actuación nin ten sido abordado o tema en ningunha das múltiples reunións co sector e os representantes dos usuarios do porto da Guarda, nin nas visitas á zona realizadas polos responsables políticos e técnicos de Portos de Galicia.

Os servizos técnicos de Portos de Galicia carece de expediente algún iniciado neste sentido e só hai constancia verbal de que durante o anterior goberno realizouse unha proposta neste sentido, pero sen que se formalizase en modo algún a súa tramitación, no que a Portos de Galicia respecta.

Aquel proxecto pasaba supostamente por unha iniciativa de colaboración entre Portos de Galicia, a entón dirección xeral de Infraestruturas (ambos dependentes da entón Consellería de Política Territorial, baixo a dirección da conselleira María José Caride), a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a construción de dito acceso, vinculándoo á ampliación do porto guardés.

Este último punto sería o único no que estaría implicado Portos de Galicia dado que a proposta pasaba por que Infraestruturas executase a obra viaria e o material extraído nela fose utilizado para os recheos necesarios para a ampliación do porto. Polo tanto, a participación de Portos de Galicia atoparíase en todo caso condicionada á execución da obra por parte do Concello e Deputación, neste caso.

Por tanto, segundo aquel plantexamento, a Deputación de Pontevedra asumiría a redacción do proxecto de cara á súa execución por parte da Xunta, a través da Consellería competente en materia de infraestruturas viarias.

En modo algún, a data de rexistro da iniciativa, nin a Deputación de Pontevedra, nin o Concello da Guarda se ten remitido a Portos para demandar esta actuación, do mesmo xeito que non o fixo o sector, polo que Portos de Galicia non ten constancia de tal necesidade.

Cómpre lembrar ademais que Portos entende que o propio Goberno anterior desestimou a súa proposta despois de anuncia-la dado que non deu ningún paso cara á súa concreción e nin sequera iniciou o expediente administrativo. De ter constatada a necesidade da obra cabe entender que se tería realizado algún trámite de todos os necesarios para a proxección e execución dos traballos.

En resumo, o ente público Portos de Galicia, carece de competencias en materia de planificación deste tipo de infraestruturas viarias.

Engadir, por último, que o 'Plan de Mobilidade do Concello da Guarda' recolle unha proposta para realizar un novo acceso ao porto pola parte sur. O primeiro que se debe salientar é que na elaboración deste Plan non se contou coa participación, nin da Axencia Galega de Infraestruturas, nin de Portos de Galicia. Por outra banda, tal e como se desprende da propia exposición de motivos da pregunta que se formula, o obxectivo último do Plan de Mobilidade, e da nova vía que nel se propón, non é dotar ao porto dun mellor acceso senón liberar de tráfico a unha parte de viario urbano para o seu acondicionamento. Trátase dun obxectivo razoable desde o punto de vista urbano, pero non de funcionalidade da rede de estradas de competencia da Xunta de Galicia. De feito, a nova vía proposta apóiase nunha estrada autonómica, a PO-352, que é transferible á administración local."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17149
Data envío: 21/09/2017 15:12:07.848

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:11:54



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 17052
Data envío: 20/09/2017 16:54:36.835

Data 20/09/2017 16:54

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8398**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgunha medida para solucionar o problema de seguridade que ocasiona o estado de abandono no que se atopan as varandas e escaleiras de acceso ás embarcacións do porto de Laxe e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia realiza de xeito permanente reparacións e melloras das Infraestruturas portuarias enmarcadas no capítulo de conservación e mantemento de instalacións. Dentro destas xa se ten contratado a obra de reparación de orelleiras e escaleiras de gato no porto de Laxe, cun orzamento de máis de 3.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 17052
Data envío: 20/09/2017 16:54:36.835

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:54:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 17051
Data envío: 20/09/2017 16:54:22.898

Data 20/09/2017 16:54

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8412**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a contradición existente entre os períodos de veda e as épocas óptimas de consumo establecidas nos plans de explotación do santiaguíño e do polbo, así como a información publicada ao respecto na aplicación móbil difundida pola Consellería do Mar sobre as vedas, a época óptima de consumo e a talla mínima de peixes, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos e gasterópodos”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Trátase da primeira aproximación a unha aplicación móbil que contén datos de interese para o consumidor que lle permite ademais coñecer e cumprir coa normativa vixente en materia de consumo de produtos pesqueiros. Existía ata o do momento un baleiro na información oficial sobre talles e períodos de veda para que os consumidores tiveran acceso á información actualizada. Os cambios nas vedas ao longo do ano e as distintas modificacións nas normativas non permitían que a información publicada en soporte impreso se puidera actualizar ou modificar en función das decisións que se ían aprobando ao longo do ano.

No caso concreto do santiaguíño (*Scyllarus arctus*) tratouse dun erro que foi solventado o máis axiña posible.

En todo caso, precisamente por ser unha primeira versión atópase en constante revisión e adecuación, o que fai que se podan xerar pequenas confusións ou malas interpretación derivado precisamente do carácter vivo da normativa pesqueira galega.

A aplicación refírese ás especies galegas capturadas en Galicia e non afecta, loxicamente e aquelas especies foráneas, conxeladas ou criadas en cativerio (como as de acuicultura ou mesmo as cetáceas).

Por tanto, estamos a falar dunha aplicación viva, que nace co espírito de participación cidadá para que todo aquel que o desexe faga chegar as súas suxestións á Consellería. Para iso habilitouse o enderezo da Consellería (cma.conselleria@xunta.gal) para recoller as propostas de mellora cidadá e para que se advirta de posibles erros que poida conter esta primeira versión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:54
Nº Rexistro: 17051
Data envío: 20/09/2017 16:54:22.898

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:54:13



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:36
Nº Rexistro: 16942
Data envío: 19/09/2017 16:36:14.294

Data 19/09/2017 16:36

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8838**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“as previsións do Goberno galego para a realización da dragaxe do porto de Laxe e a data de execución da solución definitiva para os problemas que ocasionan os temporais nel”**, (publicada no BOPG número 116, do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a tramitar a obra de dragaxe do porto de Laxe. Trátase dunha demanda histórica do sector na zona para dar resposta ás necesidades de abrigo da flota do municipio, unha necesidade da que Portos de Galicia é plenamente consciente e coa que estamos comprometidos en busca dunha solución.

Esta actuación conta cun orzamento estimado de arredor de 3,5 millóns de euros e hai que sinalar que se ten creado unha mesa técnica para realizar un seguimento pormenorizado deste proxecto.

Esta mesa técnica está composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais, e a confraría de Pescadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:36
Nº Rexistro: 16942
Data envío: 19/09/2017 16:36:14.294

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:36:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:35
Nº Rexistro: 16940
Data envío: 19/09/2017 16:35:00.450

Data 19/09/2017 16:34

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8853**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a posición da Xunta de Galicia en relación coa implementación nos portos de Galicia do sistema de subministración eléctrica aos buques denominado Cool Ironing para evitar a contaminación e as vibracións ocasionadas polos seus xeradores durante o tempo de atracada, así como a existencia dalgún estudo ou informe ao respecto”**, (publicada no BOPG número 116, do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa con respecto ao asunto da iniciativa que xa existe un proxecto, baixo o nome de Green Port Energy Center (GPEC), que se está a desenvolver no porto de Vigo. Trátase dun sistema ideado e xestado íntegramente en Galicia que aúna a redución efectiva das emisións dos buques en porto coa flexibilidade e a eficiencia económica que fan viable a súa implantación en portos como o da cidade olívica.

Con este proxecto, que prevé subministrar electricidade a buques, este porto cumpre con todos os requisitos para se converter en porto verde. Ademais, está proxectado o seu desenvolvemento para grandes buques, de xeito que poida dar servizo ás autopistas do mar, facéndooas máis ecolóxicas.

O GPEC está capitaneado pola Autoridade Portuaria de Vigo xunto a un consorcio de cinco empresas e institucións de investigación que deseñaron un sistema innovador para reducir as emisións dos buques atracados no porto. Este sistema pioneiro en todo o mundo, altamente eficiente, resolve os diferentes tipos de demandas de suminsitro de enerxía. O proxecto contou cun orzamento de 1,8 M €, dos cales 900.000 foron axudas europeas FEDER Interconecta.

O proxecto, consiste no diseño e desenvolvemento dun sistema suministrado por gas natural, que permite proveer de enerxía eléctrica e térmica aos buques para que poidan apagar os seus motores mentres están atracados no porto, o que se denomina Cold Ironing.

En definitiva, trátase dun contedor móvil que se pode ubicar no peirao ao carón do barco ou simplemente enriba do buque por medio dunha grúa convencional. A redución de emisións que se conseguen empregando este sistema é do 52,5% de CO₂, 100% dos óxidos de azufre, 48% nos óxidos de nitróxeno e 100% na emisión de partículas relativo á combustión de fueloil por parte do barco. Todo elo supón ademáis un aforro aproximado do 55% no custe do combustible.

Se estes datos fosen extrapolados á frota de buques que atraca no porto de Vigo durante un ano, obteríase unha redución de 289,9 Tn de CO₂ anuais, equivalentes a, aproximadamente, 102 vehículos europeos circulando durante un ano enteiro ou 300 voos dun Boeing 747 entre Europa e Estados Unidos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:35
Nº Rexistro: 16940
Data envío: 19/09/2017 16:35:00.450

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:34:50



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:36
Nº Rexistro: 16941
Data envío: 19/09/2017 16:36:05.013

Data 19/09/2017 16:35

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8987**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das demandas da confraría e das asociacións de mexilloeiros referidas á mellora do acceso das embarcacións ao peirao da Pobra, así como das súas instalacións, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 116, do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia é coñecedora da realidade diaria dos portos de titularidade autonómica, polo que coñecen tamén as demandas que existen de xeito puntual no peirao da Pobra. Por este motivo, xa ten solventados os problemas de falta de luz que se teñen producido ocasionalmente así como as reparacións procedentes nas instalacións de amarre ou dotación de servizos de auga doce e luz. Estas actuacións enmárcanse dentro dos traballos de conservación e mantemento que Portos de Galicia realiza de xeito permanente en todos os portos da súa competencia.

Así mesmo, na liña de investimento en melloras infraestruturais, Portos de Galicia ten dotado xa dos fingers, citados na pregunta, ao peirao da Pobra.

Finalmente estanse a realizar tamén os estudos previos necesarios para coñecer con exactitude a posible problemática de calado. Esta actuación enmárcase na liña de traballo de Portos de Galicia para a execución das dragaxes prioritarias nos portos da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:36
Nº Rexistro: 16941
Data envío: 19/09/2017 16:36:05.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:35:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 17049
Data envío: 20/09/2017 16:51:53.834

Data 20/09/2017 16:51

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8999**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da aplicación do selo de calidade Friend of the sea, de certificación internacional para produtos de pesquería e acuicultura sostibles, así como as actuacións que vai levar a cabo para promover o seu uso”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería do Mar valoramos positivamente a utilización de certificados, selos ou distintivos que acrediten que a nosa pesca é sostible. De feito así o vimos definindo non soamente con este tipo de selos, como é ‘Friends of the sea’ senón con outros moitos que existen dentro do amplo abano de certificacións privadas no ámbito marítimo pesqueiro. Agora ben, a Consellería do Mar sempre defendeu a existencia dunha certificación a nivel europeo de carácter público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 17049
Data envío: 20/09/2017 16:51:53.834

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:51:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 17048
Data envío: 20/09/2017 16:51:29.881

Data 20/09/2017 16:51

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9738**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa inexistencia dunha unidade do Servizo Aéreo de Rescate do Exército español en Galicia, así como as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central da creación en Santiago de Compostela dun servizo de procura e salvamento de catástrofes derivadas de accidentes aéreos ou de catástrofes naturais, que complemente e apoie o Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é na actualidade unha das zonas da xeografía española mellor cubertas no que respecta aos servizos de rescate, polo feito de ser a única comunidade autónoma do Estado con contar cun servizo propio de rescate, Gardacostas de Galicia, ao que hai que sumar a presenza de SASEMAR coas súas bases operativas. En total, a nosa comunidade autónoma conta ininterrompidamente as 24 horas do día e os 365 días do ano con 4 helicópteros plenamente operativos e con todas as garantías.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 17048
Data envío: 20/09/2017 16:51:29.881

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:51:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 17047
Data envío: 20/09/2017 16:51:20.256

Data 20/09/2017 16:51

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9832**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da ausencia de Galicia dun dos dous helicópteros Sikorsky S-76 C+ mercados pola Consellería do Mar no ano 2005 e coñecidos como Pesca I e Pesca II e a valoración do Goberno galego en relación coa posible substitución desas aeronaves polos dous Dauphin 365 vendidos no ano 2012 e considerados naquel ano como obsoletos e non recomendados para a costa de Galicia, así como a xestión levada a cabo con eses helicópteros”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Non é certo que no ano 2012 a Xunta venderá os dous Dauphins, porque entre outras cousas, aínda que nun tempo prestaron aquí servizo, nunca foron propiedade da Xunta. Por outra banda, xa hai bastante tempo que o helicóptero de substitución ven sendo o AW 139.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 17047
Data envío: 20/09/2017 16:51:20.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:51:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17039
Data envío: 20/09/2017 16:48:09.380

Data 20/09/2017 16:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10585**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a garantir a seguridade no porto de Laxe”**, (publicada no BOPG número 137 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a tramitar a obra de dragaxe do porto de Laxe. Trátase dunha demanda histórica do sector na zona para dar resposta ás necesidades de abrigo da flota do municipio, unha necesidade da que Portos de Galicia é plenamente consciente e coa que estamos comprometidos en busca dunha solución.

Esta actuación conta cun orzamento estimado de arredor de 3,5 millóns de euros e hai que sinalar que se ten creado unha mesa técnica para realizar un seguimento pormenorizado deste proxecto.

Esta mesa técnica está composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais e a confraría de Pescadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17039
Data envío: 20/09/2017 16:48:09.380

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:48:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:47
Nº Rexistro: 17038
Data envío: 20/09/2017 16:47:55.301

Data 20/09/2017 16:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10590**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas a adoptar polo Goberno galego en relación a garantir a seguridade no porto de Laxe, e o inicio da licitación do documento técnico e a correspondente tramitación ambiental para poder realizar a fase de eliminación duns 70 m do dique exterior e as actuacións complementarias necesarias”**, (publicada no BOPG número 137 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia está a tramitar a obra de dragaxe do porto de Laxe. Trátase dunha demanda histórica do sector na zona para dar resposta ás necesidades de abrigo da flota do municipio, unha necesidade da que Portos de Galicia é plenamente consciente e coa que estamos comprometidos en busca dunha solución.

Esta actuación conta cun orzamento estimado de arredor de 3,5 millóns de euros e hai que sinalar que se ten creado unha mesa técnica para realizar un seguimento pormenorizado deste proxecto.

Esta mesa técnica está composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais e a confraría de Pescadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:47
Nº Rexistro: 17038
Data envío: 20/09/2017 16:47:55.301

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:47:50



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10735**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da esixencia dunha terceira mostra para verificar os resultados favorables das analíticas feitas polo Intecmar para a apertura dos polígonos de mexillón do concello de Bueu e de Aldán, no concello de Cangas, as previsións do Goberno galego respecto da modificación do protocolo para peches cautelares e para a apertura dos polígonos de mexillón, así como os baremos que elixe no nivel de confianza, marxe de erro e tamaño mostral para facer o estudo da toxina”**, (publicada no BOPG número 137, do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“En relación a esta pregunta cabe lembrar a base legal en vigor:

- ➔ **Regulamento (CE) Nº 854/2004**, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinado ao consumo humano.

No seu Anexo II, Capítulo II, Apartado C.2 establece que *‘no caso de que a autoridade competente peche unha zona de produción debido á presenza de plancto ou de niveis de toxina excesivos nos moluscos, farán falla, alo menos dous resultados consecutivos, separados por un mínimo de 48 horas, por debaixo dos límites regulamentarios, para reabrir a zona’*.

- ➔ **Decreto 27/2005, do 28 de xaneiro**, polo que se regula o control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

No seu artigo 7º establece que *‘cando tras un episodio tóxico, as concentracións de biotoxinas nos organismos mariños descendan a niveis inferiores aos establecidos e, a partir dos protocolos de actuación establecidos, non exista risco para a saúde pública, a Dirección do Centro autorizará a extracción nas zonas de produción afectadas’*.

Contestando polo miúdo as preguntas indicar que no caso concreto de Aldán e Bueu de mediados de xuño, o motivo polo que non se abriron os polígonos tras dous resultados consecutivos, separados por un mínimo de 48 horas, foi a detección de niveis de toxicidade moi próximos ao límite legal; no caso de Aldán nunha das mostras recollidas a unha altura da corda e no caso de Bueu en dúas das mostras recollidas a dúas alturas da corda.

Dado que o método analítico ten una incerteza entorno ao 20%, sería unha temeridade abrir unha zona de produción con eses valores, tanto dende o punto de vista da preservación da saúde pública, como dende o

aspecto comercial do produto, xa que unha análise en destino podería das resultados por encima do límite legal, que implicaría alertas alimentarias e devolución da mercadoría, o que suporía un notable prexuízo para a empresa provedora e un desprestixio do mexillón galego, que afectaría a todo o sector.

Cabe salientar que o sector estivo debidamente informado, xa que estes feitos foron comunicados nas mensaxes do Servizo de Aviso Rápido enviadas por Intecmar o sábado 10 de xuño de 2017 ás 8:49 e o xoves 15 de xuño de 2017 ás 11:40.

En canto a se a Xunta ten pensado mudar o protocolo para peches cautelares como para a apertura do mexillón, dicir que non, salvo que futuras modificacións na lexislación impliquen reconsiderar algún cambio.

Por outra banda, o fenómeno das biotoxinas é un fenómeno natural e representa un risco para a saúde do consumidor. Hai que ter en conta que cando se produce un episodio de toxicidade nas rías cómpre extremar as precaucións co gallo de evitar que produto con toxina poida chegar ao consumidor; para iso as zonas de produción deben permanecer pechadas ata que os controis garantan que non existe risco para a saúde pública.

En canto aos baremos do nivel de confianza que escolle a Xunta, o INTECMAR é o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, e en concreto o control das biotoxinas mariñas.

Como laboratorio oficial está acreditado pola ENAC, Entidade Nacional de Acreditación (Laboratorio de ensaio acreditado por ENAC con acreditación N° 160/LE394) e emprega os métodos de referencia en vigor.

Un dos requisitos de ENAC para os métodos de ensaio é a validación dos métodos que inclúe, entre outros aspectos, a estimación da incerteza da medición (marxe de erro)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16931
Data envío: 19/09/2017 16:28:01.572

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:27:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16929
Data envío: 19/09/2017 16:27:41.619

Data 19/09/2017 16:27

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10808**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a posición da Xunta de Galicia en relación coas demandas da flota galega referidas ao respecto pola flota portuguesa dos descansos da fin de semana e a igualdade de condicións na pesca, os seus obxectivos na renovación do acordo pesqueiro con Portugal e a súa opinión no tocante á necesidade de introducir na súa negociación cláusulas que permitan identificar de xeito inequívoco o país de procedencia das capturas”**, (publicada no BOPG número 137, do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 9.06.2017- pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ao darlle resposta á pregunta 7702 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16929
Data envío: 19/09/2017 16:27:41.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:27:37



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 17033
Data envío: 20/09/2017 16:46:51.754

Data 20/09/2017 16:46

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 11084**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as intencións da Xunta de Galicia referidas á realización das actuacións necesarias para acadar a implantación en Galicia do laboratorio comunitario de control bacteriolóxico de bivalvos, trala saída de Gran Bretaña da Unión Europea, a demanda ao Goberno central do seu compromiso coa candidatura galega, así como as xestións levadas a cabo e previstas para a consecución do nomeamento formal de Galicia como candidatura de España para o reasentamento dese laboratorio e a localización que está a valorar para a súa posible situación”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.07.2017- pola conselleira do Mar ao darlle resposta á pregunta 11333 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:46
Nº Rexistro: 17033
Data envío: 20/09/2017 16:46:51.754

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:46:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 11039**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación co Plan de acción global contra os danos dos xabarís, a inclusión nel da posta e marcha dun plan de xestión e de manexo da especie que introduza medidas distintas e complementarias ás batidas, así como a aplicación que se está a facer do Plan de xestión do xabaril encargado á Universidade de Vigo no ano 2014 e o orzamentos destinado no período 2014-2017 para a súa posta e marcha”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** que ten o seguinte contido:

“No marco do plan de acción global contra os danos ocasionados polo xabaril, a Xunta de Galicia definiu unha metodoloxía común en toda a rede de estradas, elaborando, ademais, o estudio para a identificación das zonas de concentración de accidentes por atropelo de animais. Entre outras actuacións, estableceuse un procedemento de coordinación entre os principais axentes implicados para o seguimento continuo dos danos e puxéronse en marcha liñas de axudas específicas tanto para paliar os danos producidos por esta especie sobre os cultivos agrícolas como para medidas de prevención nas explotacións agrícolas. Ademais, revisáronse os Plans de Ordenación Cinexética, axustándoos á realidade do territorio en relación coa especie, e tomáronse medidas de mellora da xestión das zonas libres de caza e da xestión da especie en espazos naturais protexidos.

Entre outras medidas para a xestión da especie, contéplase a mellora da xestión do hábitat e dos terreos cinexéticos ordenados e a análise dos períodos hábiles para a caza do xabaril. Tamén se aposta por mellorar a xestión das zonas libres de caza e a xestión da especie dentro de espazos naturais protexidos. Ademais, contéplase o fomento de campañas fronte ao furtivismo, o estudo da interacción cos seus predadores naturais e o control e seguimento dos plans de ordenación cinexética e dos plans anuais de aproveitamento cinexético.

Precisamente, o Plan de Xestión do Xabaril realizado pola Universidade de Vigo serviu de base para o establecemento das liñas de actuación que se están desenvolvendo.

En total, no período 2014-2017, lévanse investido nestas actuacións preto de 920.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:47
Nº Rexistro: 17034
Data envío: 20/09/2017 16:47:01.785

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:46:57



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4812**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a información emitida pola CRTVG no Telexornal Serán do 24 de novembro de 2016 en relación co pasamento da ex-alcaldesa e senadora dun partido político.”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de radio-televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, desde a CRTVG considérase que a acusación de censura e manipulación non é certa. En ningún caso a canle pública manipulou nada, máis ben, ao contrario: seguiu o caso coa rigurosidade que merecen esta, e calquera outra información saída dos seus Servizos Informativos.

É cando menos sorprendente que se acuse á TVG, como se fora algo erróneo, de difundir as distintas declaracións que durante eses días se produciron en todo o ámbito político, cando é o que se tiña que facer. Non se opinou sobre o que dixeron os diferentes actores de todo o espectro político senón que se recolleu o que eles falaban, tanto a prol como tamén na contra de Rita Barberá.

Din que non houbo referencia en ningún momento á causa real do falecemento. Segundo sinalan na súa pregunta o pasamento produciuse por un faio hepático por cirrose. É importante coñecer a procedencia desta nova para entender o rigor co que se actuou desde os Servizos Informativos: a información aparece no suplemento dominical Crónica, do xornal El Mundo, o 5 de febreiro de 2017, nun artigo titulado A Rita la mató su hígado, asinado por Javier Negre e Luis F. Durán.

O artigo di: según consta en el informe médico definitivo de la autopsia -al que ha accedido en exclusiva Crónica,- la senadora falleció por un problema hepático que le provocó un fallo multiorgánico.

É obrigado preguntarse cal é a fonte desas filtracións que lles permitiron ter acceso ao que se presenta como autopsia de Rita Barberá. Non se sabe xa que é unha exclusiva.

Hai casos de exclusivas nos que o resto dos medios -a CRTVG incluída-, unha vez confirmada a súa veracidade, tamén se fan eco. Pero neste caso non existe esa confirmación xa que non hai ningunha fonte oficial, informe médico público, confirmación da familia, ningunha axencia de noticias publicou nada ao respecto... nada que sustente esa información do xornal El Mundo.

Todas as informacións nos diferentes medios –que son poucos, permítame que o apunte tamén- que citan o fallo hepático como causa da morte de Rita Barberá remiten á investigación de El Mundo pero ningún chegou a comprobalo cos seus propios medios. É máis, a única referencia que aparece no xornal El País, por exemplo, di no seu titular do 24 de novembro: Rita Barberá muere de un infarto en un hotel de Madrid.

A crónica que aparece en El Mundo é, por certo, unha crónica personalísima, a ratos novelada que reproduce e guioniza as últimas horas de vida de Rita Barberá, que dificilmente se poden contrastar, xa que polo que se sabe, a política estaba soa nesa habitación. Televisión de Galicia respecta o traballo de investigación que fai El Mundo e as súas fontes, pero comprenderán que se ese traballo non é contrastable xa que se descoñece a orixe dese suposto informe de autopsia, porque non o reproducen tampouco en imaxes, porque ninguén máis ten ese suposto documento, porque non se trata dunha noticia senón dunha reportaxe de recreación, seguramente verosímil pero, en calquera caso, imposible de confrontar coa realidade... a opción xornalística dun medio público non pode ser a de transmitir esa exclusiva como se fose un teletipo ou un comunicado do centro responsable da autopsia, ou da familia. Non pode, nin debe desde un punto de vista deontolóxico e moral. Sería enganar a opinión pública. Eso sí sería manipular ou terxiversar a información. E o papel dos profesionais dos telexornais da Televisión de Galicia é informar, non especular.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17164
Data envío: 21/09/2017 15:18:08,381

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2017 15:18:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10551**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**o proceso de dixitalización na CRTVG**”, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de radio-televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A parte introdutoria das preguntas expresa a preocupación por un eventual retraso no desenvolvemento do mesmo, polo que cómpre precisar determinadas cuestións sobre a execución do proxecto dende o punto de vista temporal e mesmo desde a óptica da negociación cos axentes sociais. A finalidade é transmitir a estimación obxectiva do desenvolvemento do mesmo a cal, a data de hoxe, é certamente axeitada. Por esta razón non hai motivo para introducir unha problemática imaxinaria sobre o ritmo de avances nos traballos.

Como se coñece, este proxecto (importante polo importe económico, polo seu carácter reformador, polo seu alcance horizontal, polo seu efecto modernizador, polo plus que aporta ao conxunto dos traballadores...) está asociado a aliñar á CRTVG cos retos actuais do sector audiovisual: adecuar a organización ao entorno dixital, adaptarse á fragmentación da audiencia, reorganizar a programación, garantir a sostibilidade económica e mellorar os niveis de eficiencia e flexibilidade.

Ao fío do exposto, a planificación das actividades está ben formalizada e segue un patrón secuencial por áreas temáticas axeitado. O circuíto de traballo é o seguinte:

Os previos ao lanzamento do proxecto coa elaboración do dossier de valor coa finalidade de apoialo, difundilo e mesmo para asegurar o seu financiamento.

A parte administrativa, referida á elaboración do programa de necesidades técnicas e a definición das condicións para a súa satisfacción, formalizados ambos asuntos nos correspondentes pregos administrativos e técnicos. Froito destes traballos conclúe un proceso público competitivo e transparente, con resultados satisfactorios.

En canto á execución material, actualmente en curso, tamén perfectamente deseñada e formalizada, culminou parcialmente na primeira semana de xullo co traslado da redacción dos servizos informativos. O resultado final foi moi satisfactorio, o cal puxo de manifesto as extraordinarias capacidades profesionais do noso persoal.

A execución técnica do proxecto, que avanza a un bo ritmo, tanto dende o punto de vista técnico, como en clave transversal, no que atinxe á implantación dun novo modelo produtivo global. É un importante cambio organizativo e de fluxos de traballo, motivo polo cal esta actuación vai acompañada, entre outras dun potente proxecto formativo.

En definitiva, a CRTVG está a amosar unha excelente capacidade de adaptación cara a desenvolver novas formas de xestión, baixo o trasfondo do seu renovado compromiso co servizo público audiovisual de Galicia e a súa alta identificación coa lingua, a cultura e a sociedade galega.

O número de reunións e o calendario de traballo conxunto cos representantes dos traballadores/as é de dúas/tres ao mes, baixo o suposto de manter as que sexan necesarias co fin de avanzar na execución do proxecto de dixitalización e a súa aplicación produtiva.

Ao respecto dos asuntos que se van a propoñer aos representantes dos traballadores, no ámbito de xestión deste proxecto, establecerase unha liña de traballo continua cara a propiciar entornos de negociacións e consenso fortalecendo as estruturas de diálogo, co fin de acadar o obxectivo de acadar unha efectiva aplicación do proxecto de dixitalización co fin de prestar máis e mellores servizos a un menor custo ao conxunto da cidadanía de Galicia. Nomeadamente os asuntos que se tratarán son:

- a implantación do plan de formación que ten data de comezo en outubro e que será presentado e comunicado ao Consello de Administración e aos representantes dos traballadores/as, cun mes de antelación ao seu inicio, e complementado a través dunha plataforma dixital. A información facilitarase todas as semanas segundo se vaian producindo fitos de importancia.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:49
Nº Rexistro: 17040
Data envío: 20/09/2017 16:49:12.083

- as repercusións que a nova tecnoloxía vai ter no desenvolvemento do traballo dos distintos profesionais da CRTVG.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 16:49
Nº Rexistro: 17040
Data envío: 20/09/2017 16:49:12.083

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2017 16:49:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:39
Nº Rexistro: 16947
Data envío: 19/09/2017 16:39:18.358

Data 19/09/2017 16:39

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 5286**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para defender a posición de Galicia diante do Brexit”**, (publicada no BOPG número 70, do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na comparecencia a petición propia da conselleira titular do departamento, no pleno ordinario do 9 de maio de 2017 (iniciativa 8427).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:39
Nº Rexistro: 16947
Data envío: 19/09/2017 16:39:18.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2017 16:39:13

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727